III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

RESOLUCIÓN do 9 de outubro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2013.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, do 14 de xullo), impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Economía e Industria nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2013, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2013

Borja Verea Fraiz
Secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria

ANEXO

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Economía e Industria nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2013

Convenio	Data de sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Instituto Feiral da Coruña para financiamento de gastos relativos á celebración de actividades de promoción no recinto feiral Expocoruña da cidade da Coruña.	27.5.2013	15.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Instituto Feiral de Vigo para financiamento de gastos relativos á celebración de actividades de promoción no recinto feiral Instituto Feiral da cidade de Vigo.	27.5.2013	26.400,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense para financiamento de gastos relativos á celebración de actividades de promoción no recinto feiral da Finca Sevilla da cidade de Ourense.	27.5.2013	67.900,00

CVE-DOG: e8qfisi1-kqh3-mza8-jcc4-bln3myg1cqe2

Convenio	Data de sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación galegas para o fomento das exportacións galegas, Foexga 2013, cofinanciado polo Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.	17.6.2013	1.200.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o mantemento do censo catastral mineiro.	3.7.2013	40.000,00
Addenda ao convenio entre a Consellería de Economía e Industria e a Deputación Provincial de Ourense polo que autoriza á Deputación Provincial de Ourense o uso de instalacións de carácter deportivo existentes no Parque Tecnolóxico de Galicia.	20.6.2013	00,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a entidade El Faro de Vigo, S.A., editora do xornal *El Faro de Vigo*, para a difusión neste medio de contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial da consellería.	25.6.2013	150.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a entidade Editorial Compostela, S.A., editora do xornal *El Correo Gallego,* para a difusión neste medio de contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial da consellería.	25.6.2013	100.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a entidade La Región, S.A., editora do xornal *La Región*, para a difusión neste medio de contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial da consellería.	25.6.2013	100.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a a entidade El Progreso de Lugo, S.A., editora do xornal *El Progreso*, para a difusión neste medio de contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial da consellería.	25.6.2013	100.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a entidade La Voz de Galicia, S.A., editora do xornal *La Voz de Galicia*, para a difusión neste medio de contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial da consellería.	25.6.2013	150.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da XXII edición do Programa de Formación en Internacionalización de Empresas e Comercio Exterior.	29.7.2013	75.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retallista: emprendemento, dinamización e comercio electrónico.	5.8.2013	450.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia.	3.6.2013	42.501,00
Acordo marco que subscribirán a Cosellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e Pequeños y Medianos Astilleros, Sociedad de Reconversión, S.A. (Pymar), para regular a dotación inicial destas no Fondo de Garantías Navais e convenio de adhesión e achega que subscribirán a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e Pymaval Garantías, S.A.U.	26.6.2013	24.626.622,35
Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello da Estrada para a remodelación do mercado municipal.	6.8.2013	500.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada para financiamento de gastos relativos á celebración de actividades de promoción no recinto feiral da localidade da Estrada.	27.5.2013	45.300,00

CVE-DOG: e8qfisi1-kqh3-mza8-jcc4-bln3myg1cqe2

Convenio	Data de sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Asociación Clúster do Naval Galego (Aclunaga) para o desenvolvemento dun catálogo dixital da capacidade da industria naval galega.	27.5.2013	60.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados para a realización dun plan de inspección en materia de seguridade industrial en 2013.	26.8.2013	84.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Ortigueira para a execución do proxecto de habilitación dunha aula municipal para a impartición de cursos de formación en materia de seguridade e saúde no ámbito da minaría.	27.5.2013	82.161,97
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e Alcoa Inespal, S.A. para melloras ambientais e de eficiencia enerxética, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.	26.9.2013	265.000,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora LGAI Tecnological Center, S.A. para a xestión das axudas convocadas pola Orde do 21 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia non competitiva para o fomento e implantación da metroloxía legal nos abastos públicos da Comunidade Autónoma galega, a través de entidade colaboradora, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (IN655I).	3.6.2013	00,00
Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e o Consello Galego de Cámaras para financiamento de gastos correntes	7.8.2013	10.000,00

CVE-DOG: e8qfisi1-kqh3-mza8-jcc4-bln3myg1cqe2